

## **SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES.**

O procedemento a seguir será o seguinte:

**Plan de traballo:** os alumnos prepararán os contidos e actividades programados polo profesor correspondente. O apoio do profesorado concrétase na atención a alumnos para aclarar dúbidas relativas a eses contidos e actividades. Oportunamente convocaranse as reunións co alumnado para entregar traballos e resolver dúbidas, así como para fixar as datas das probas.

Os obxectivos serán os da materia no nivel correspondente que non se superou e que quedan fixados na presente programación.

Os contidos son os mínimos da materia no nivel correspondente que non se superou e que están recollidos na presente programación.

Metodoloxía: os contidos organizaranse do xeito que o profesor estime máis conveniente para cada caso.

### **Avaliación da materia pendente:**

Os alumnos que teñan pendente a materia de 1º e 2º poderán recuperar automaticamente a materia pendente se aproban as dúas primeiras avaliacións do nivel que estean cursando: a nota de recuperación por esta vía non será superior a 5.

Os alumnos con materia de 1º e 2º pendente, así como os de 3º poderán, poderán recuperar seguindo os seguintes procedemento e criterios.

Procedementos e criterios: a avaliación levarase a cabo mediante a entrega de dous cadernos de traballo ó longo do curso, e a realización dun exame no mes de maio. O alumnado que non entregue os cadernos presentarase unicamente á proba escrita.

**CADERNOS:** representarán o **50% da nota**.

-1º parte de caderno: deberá ser entregada antes do **29 de xaneiro 2019**.

-2º parte do caderno: deberá ser entregada antes do **10 de abril de 2020**.

**EXAME:** representará o **50% da nota**. Para que esta nota faga media coa dos cadernos será necesario obter unha nota igual ou superior a 4 (sobre 10) no exame.

No caso de non entregar os cadernos, esta proba representará o **100% da nota** e será preciso sacar como mínimo un 5 para aprobar a materia.

O alumnado que suspenda a materia en maio presentarase á convocatoria extraordinaria de setembro, que consistirá nunha única proba ou exame.